

Reunión da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental

Data: Martes 15 de setembro de 2020

Texto da Convocatoria:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da reunión do 30 de xullo de 2020.
- 2) Informes
 - a) preparativos curso 2020-21
 - b) matrícula
 - c) grupos inglés
 - d) altas e baixas do profesorado
 - e) prácticas externas
 - f) TFM
 - g) mención de excelencia da Xunta de Galicia
- 3) Aprobación, se procede, de incorporación de profesorado para o curso 2020-21
- 4) Aprobación, se procede, da renovación da Comisión Académica
- 5) Aprobación, se procede, das Coordinacións de módulos.
- 6) Quenda aberta

Asistentes: MCB, GFC, SFL, JG, MCM, FO, MP, MCP
Desculpan a súa asistencia:

Limiar.

O martes 15 de setembro ás 13:00 h na reúnese a Comisión Académica do Master Oficial en Enxeñaría Ambiental de xeito non presencial a través da plataforma MS Teams cos asistentes e orde do día que se indican no encabezado.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 30 de xullo de 2020

Apróbase a acta da Comisión Académica do día 30 de xullo de 2020.

2. Informes

- Preparativos curso 2020-21. Mandarase una información a todos os profesores e alumnos do Máster informando sobre as principais características deste novo curso: o ensino será presencial (Escenario 1) manténdose os calendarios aprobados previamente. Só hai un cambio destacable: á docencia se levará a cabo na **Aula A4** por mor de manter as medidas de seguridade derivadas do COVID-19. O alumnado terá asignado un asento do cal non se poderá mover o longo de toda a sesión (mañán ou tarde).

- Matrícula de primeiro ano: houbo unha considerable baixada por mor da publicación das listas de admitidos en setembro (día 4). Isto fixo que moitas persoas interesadas optaran por outras opcións (houbo 29 preinscritas das cales só 16 se matricularon a día de hoxe).
- Grupos de inglés: na materia IMA hai que informar aos alumnos de que elixan na súa secretaría virtual o grupo (español/inglés) antes do 2 de outubro. Importante que haixa alomenos 8 alumnos no grupo de inglés para que se active.
- Altas e baixas do profesorado: neste curso que comeza xa non contamos con RMP e MB. Dende a esta comisión queremos agradecer ós dous todo o traballo posto nesta titulación. No caso de RMP, un traballo de moitos anos, tanto coma docente coma na Comisión Académica.
- Prácticas externas (verán 2020): finalmente e a pesares da COVID-19 non houbo ningunha incidencia a destacar e transcuriron con normalidade.
- TFM: Rematouse onte coas defensas de TFM correspondentes ó curso 2019-20, sendo as oportunidades de xullo e setembro de forma telemática. A pesares disto, o resultado valorase coma moi positivo por parte do alumnado e profesorado, non rexistrándose ningunha incidencia. Con respecto ós estudantes que comencan agora o segundo curso, xa dende a primeira semana se lles vai a dar información para que poidan concretar o seu TFM canto antes.
- Mención de excelencia da Xunta de Galicia: De momento non houbo novas con respecto o ingreso da cuantía derivada da mención. Nas vindeiras reunións da Comisión Académica presentarase as accións a realizar durante este curso.

3. Aprobación, se procede, de incorporación de profesorado para ó curso 2020-21

a) P4012114 Traballo Fin de Máster

Recibiuse unha solicitude das investigadoras Ramón y Cajal, SG e GE, do Depto. de Enxeñaría Química da USC, para poder formar parte dos titores académicos da materia P4012114 Traballo Fin de Máster. Estas profesoras xa estiveran neste papel o pasado curso académico polo que se aproba a súa continuidade.

Por outra banda, a profesora AHQ tamén fai a mesma solicitude, achegando o seu CV. Tanto do análise do seu CV como da súa experiencia previa como profesora da titulación, a súa idoneidade está fora de cuestión.

A Comisión Académica aproba por unanimidade incorporar a estas tres profesoras ó corpo do Máster, agradecéndolles o seu xesto e a súa vontade de colaboración nunha materia tan importante como é o TFM.

b) P4012201 Modelización Ambiental

A Comisión Académica aproba por unanimidade a solicitude feita polos profesores JJCL e JASG de participación conxunta na materia de Modelización Ambiental tal e como se fixera no pasado curso. Unha vez que o Prof. JJCL recibiu a mención de Prof. Emérito da USC pode incorporarse na docencia dos Máster.

Dende a Comisión agradecerlle o interese que ten en seguir colaborando coa titulación.

4. Aprobación, se procede, da renovación da Comisión Académica.

Un ano máis, procede a renovarse a composición da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental. Neste caso as variacións son a baixa do Prof. RMP e a renovación dos postos asignados o estudantado. O Prof. JAA fíxonos chegar a súa vontade de participar nas actividades da Comisión, polo que ocupará o posto deixado polo prof. RMP.

En relación os alumnos, os representantes de 1o ano pasan agora a ser representantes de segundo curso quedando pendente a representación dos alumnos de primeiro.

Dacordo con estos datos, a Comisión Académica aproba por unanimidade a relación global de membros da Comisión Académica quedaría coma sigue:

- *Coordinador do Máster:* Francisco Omil
- *Directora da ETSE:* Julia González Álvarez (responsable de calidade do centro)
- *Xestora da ETSE:* M^a Carmen Palacios (secretaria da Comisión Académica)
- *Profesores:*
 - José Antonio Aldrey
 - M^a Carmen Barciela
 - Alejo Carballeira
 - Gumersindo Feijoo
 - Sarah Fiol
 - Carmela Monterroso
 - Beatriz Prieto
- *Estudantes:*
 - Jorge García Fernández (titular) e Teresa Sixto Anello (suplente) (2º ano)
 - Sofía Gunturiz Paradela (titular) e Pablo Santiago Espiñeira (suplente) (1º ano)

5. Aprobación, se procede, da renovación das Coordinacións de Módulos.

Recibidas as solicitudes de baixa nas Coordinacións dos módulos 2 (Tratamento de Augas) e 5 (Prácticas Externas) por parte de JM Garrido e F Omil, respectivamente, a Comisión decide aprobar as incorporacións de Sarah Fiol (M2) e Almudena Hospido (M5). Polo tanto a relación de Coordinadores de Módulos queda como sigue:

- *Coordinador Módulo 1 (Fundamentos):* Francisco Omil Prieto
- *Coordinador Módulo 2 (Tratamento de Augas):* Sarah Fiol López
- *Coordinador Módulo 3 (Medio ambiente atmosférico):* José Antonio Souto González
- *Coordinador Módulo 4 (Residuos e solos):* Rosa Calvo de Anta
- *Coordinador Módulo 5 (Prácticas Externas):* Almudena Hospido Quintana
- *Coordinador Módulo 6 (Xestión Ambiental):* Gumersindo Feijoo Costa
- *Coordinador Módulo 7 (TFM):* Gumersindo Feijoo Costa

6. Quenda aberta

Acordase definir o seguinte calendario para por en marcha os TFM do alumnado de 2o curso:

- 2 semanas para entrevistas co profesorado (dende o luns 28 setembro ó venres 9 outubro)
- A partires do martes 13 de outubro xa se poderán presentar solicitudes de TFM acordadas cos profesores.
- Na semana do 2-5 novembro farase pública unha lista ofertando temas de TFM para aqueles que non acordaran previamente cos profesores.

Sen máis asuntos que tratar, dase por rematada a reunión ás 13:45 h.

En Santiago de Compostela, a 15 de setembro de 2020

A handwritten signature in black ink, consisting of a stylized 'F' and 'O' followed by a horizontal line.

Asdo. Francisco Omil
Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental